

O IDEARIO SOCIAL NA OBRA DE CASTELAO

Por SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO MACÍAS

Si a produción artística e literaria de Castelao merece ser analizada e xugada polos seus valores estéticos, nos que sobrancean as cualidades espresivas, a súa obra total ven presidida por un pensamento que é coma o motor dunha conduta: manter e fomentar os valores culturais e económicos da rexión galega, defendendo a peculiaridade da terra, do idioma e de seu xeito habitual de vida. Íl mesmo cifra o deber dos galegos na obriga de "conservar e desenrolar a tradición galega na fala, no arte, no pensamento, no dereito, no traballo..."¹.

Anque ise pensamento pode catarse na singularidade das súas creacións, das que ven a ser inseparábel, acádase de sorte máis nidia ollándoas no seu conxunto; ollada que nos levará ao coñecimento dos seus anxeios de conquistar o respecto ás realidades vidáais de Galicia, de imprimir a súa obra un destino popular que a tingue dun marcado sentido social merecente de seren considerado.

Veñamos, pois, a pescudar, en cinguida esposición, as notas que demostran a substantividade do seu ideario social, a operatividade das súas ideas nas realidades do pobo galego. As que de xeito principal o caracterizan son, ao noso parecer, as seguintes: *ruralismo, defensa do idioma e ataque contra das pragas económicas e sociáis de Galicia*.

¹ Caselao, *Sempre en Galiza*, ed. "As Burgas", Buenos Aires, 1944, páx. 291.

1. RURALISMO

Aquela adicación das súas ideas ás realidades vidáis de Galicia, da que deixamos falado, descóbrense na obra de Castelao por unha manifesta preocupación ruralista; mais non é o seu un ruralismo pechado, de sino ausoluto nin de sentido meramente tradicional ou folklórico, senón progresivo e con cobiza de porvir.

Certo que nalgún intre tén deixado falar á voz do sentimento, decindo cousas tan belidas coma istas, dun aparente fondo romántico: "A Terra, que cría frores nos campos para regalía dos ollos, e albres para que canten os paxaros; onde atopamos sombra fresca no vran e quentura garimosa no inverno; onde sofremos a inqueda das sementeirás e gozamos a ledicia das colleitas; onde o vendaval brúa nas ponlas dos carballos e funga nas cordas dos barcos; onde canta o vento nos piñeiraes; onde esboufan as ondas do mar nos cons da ribeira e runxen nos areaes; onde por primeira vez ollamos a choiva, a brétema, o sol, o luar, o "arco da vella" e "a noite estrelecida"².

Mais xunto a isa efusión de romanticismo ou, millor, de idealismo, que en fin de contas descóbrenos o pulo cordial creador da súa obra, deita demoradamente os seus xuicios encol da orgaización do campo galego, dirixindo deica íl seu pensamento, nunha aitude nidamente sociolóxica. E así, espón o seu concepto da ordeación xurídica da propiedade rural, incruíndo os montes e as augas, e da propiedade familiar, defendendo a vella institución da casa labrega; loita pola restauración e recoñecemento legal da parroquia; sostén a peculiaridade de hábitos psicolóxicos refrexados nunha comunidade de cultura galega³. Desenvolve, en fin, colocándose nunha posición tan doctrinal coma pragmática, o seu *ruralismo*.

E máis aínda; dende o punto de ollar do arte, defende a primacía do pobo aldeán, cando dí: "Desviados da terra por non querer ser miñocas, faguémonos monas, e aos nosos paisanos, que teñen un arte de seu, máis verdadeiro e máis outo, fitámoslos dende a nosa maxinada outura cultural, sen reparar que iles viven e que teñen un arte que é a "expresión do sentido da súa

² Castelao, *ob. cit.*, páx. 46.

³ Castelao, *ob. cit.*: Lib. 1.^o caps. V (o territorio), VI (a economía), VII (os hábitos psicolóxicos), XXVII (a parroquia), XXX (a ordeación xurídica da propiedade rural).

vida". E teimando niste mesmo xuicio, comenta: "...na nosa terra tamén temos dous artes: o do pobo aldeán e o dos homes sabidos e lidos da cibdá. Nas aldeas resoan os alalás saudosos namentras nas vilas e cibdás fan fume nos corazóns tocatas tan feiteceiras como aquela habanera dun músico de Betanzos, que se chamaba "Ay, que me se pierde el gusto"⁴.

Nun senso último e verdadeiro, o *ruralismo* de Castelao non é nin simplemente sentimental ou estático, nin escuriñte dos valores lexítimos da vida cibdadá. Súa esencia consiste en que, pensando no intrínseco de Galicia, na comparanza entre o campo e a cibdá prefere o campo, cecáis por estaren máis necesitado de axuda e defensa e porque, sin rexeitar a vida urbá, ve níl a clave do rexurdimento de Galicia. Non deixa, emporiso, de criticar con acedume a vida urbá, como cando fai falar así a dous vellos esmoleiros dun dos seus dibuxos: "—Nas cidades prohibiron os probes—. Sería millor que prohibiran a probeza"⁵. Mais imos ver cómo no sosteñemento desta tesis de pravalencia do campo, vai en moi boa compañía; vai na compañía do filósofo Oterga, co que niste punto mantén un paralelismo exacto. Dinos verbo deso Oterga:

"Violentando os xeitos íntimos do noso pensamento e nosa economía —traducimos do filósofo castelán—, temos creado unhas cantas ficcións de urbes oitocentistas, coma illas de modernidade arrodeadas de deserto por todas as partes: Ao espírito disas cidades que eran a esceición, temos entregado o goberno moral e material de España. Dunha banda, unhas cantas rúas con tranvías eléctricos e unhas cantos milleiros de cidadáns que niles van e veñen. De outra, as légoas de campía e os millóns de españois que aran a súa veiga, escardean a súa horta e empuxan seu gando na devesa. E para aquí pouco están arraxados todos os estormentos de socialización: códigos, palramento, prensa, escola... E para ista imensidade española, para o campo, para os homes do campo, para os pensamentos e os nervos do campo, nin ren. Seme-

⁴ Castelao, *Arte e galeguismo*, conferencia pronunciada na exposición de obras do pintor Imeldo Corral, celebrada na Cruña o 25 de outono do ano 1919.

⁵ *En cousas da vida*, ed. "Galaxia", Vigo, 1971; t. V, p. 3.

llante desequilibrio é fadal. E non é que vaia eu agora —prosegue Ortega— a cantar unha vez máis a melopea do probe labrego desamparado. Non se trata de compadecer ao labrego, senón todo o contrario. Trátase de esplotalo socialmente, nacionalmente, humanamente. Un pobo é unha suma de desexos, de intre-ses, de paixóns e de intelixencias. Canto maior sexa a moitedume de concencias vivas que aítúen en intertroque, en forma de solidariedade ou en forma de loita, dentro de unha unidade social, máis fortes serán as potencias de ista. Eu —remata— que son profesor da Universidade, preciso da colaboración dos pensamentos aldeáns moito máis que íles dos meus...”⁶.

O traballo ao que pertencen istes pasaxes, foi escrito no ano 1915. E fixémonos na nota que lle pón Ortega seis anos despóis:

“Isto escribía eu —seguimos traducindo— no ano 1915. Comprácame agora atopar no libro de Spengler *Der Untergang des Abenlandes*, 1918, sostida a tesis de que dende fai cen anos canto acaece historicamente é, en sustancia, a magna contenda entre a cibdade e o campo. Mais, a diferenza de Spengler —concrúe Ortega— eu creio que vencerá o campo e que voltaremos a il para restaurar as nosas almas, que a gran cibdade tén esterilizado”.

E aínda engade Ortega no mesmo traballo:

“Iñoro cándoo poderéi facelo (refírese a espoñer o seu pensamento sobor do ruralismo asturián); mais trátase, en resume, de que non creio posíbel outro camiño pra chegar á prosperidade de España que o que pasa polo campo. A cibdá moderna é unha forma económica e ideolóxica creada polo capitalismo dos derradeiros séculos”.

Spengler e Ortega. Non fica, certamente, isolado o pensamento social de Castelao en canto á súa valoración do *ruralismo*.

⁶ Ortega y Gasset, José, “De Madrid a Asturias”, o “Los dos paisajes”, na revista ESPAÑA, 1915; *Obs. Comps.*, ed. “Revista de Occidente”, Madrid, 1954, II, páxs. 263 a 265.

A prol disa idea fixo o esgrevio galego toda unha construción teórica, mais de doada aplicación práctica, e pode decirse que erguéu todo o edificio do seu arte. Antre as probas que podemos poñer verbo disa dirección do seu pensamento, da incrinación ao *ruralismo*, recordemos que a definilo e ponderalo adica un capíduo enteiro do seu libro *Sempre en Galiza* —fonte principal dos seus xuícios encol dos problemas do país galego—, capíduo que enceta decindo: “Quero eisaltar o nobre ruralismo de Galiza fronte á retrasada urbanidade de Castela”⁷. E reparemos nos temas de algúns dos seus dibuxos:

Aquil no que un vello petrucio instrúe a un neno, que o escoita fitándoo, moi prantado, da súa esperencia das idas á cibdá; e, coma un Sócrates labrego, dille ao picariño: “—Cando baixas á vila, ou levas diñeiro ou levas comida—”. É dicir, á vila hai que se dispoñer a levar e non pensar en tragar.

Aquil outro no que falan dúas mulleres, no esceario da aldea, da viaxe que unha delas ven de facer á vila. Arrodeadas da facenda, a vella volve cos cestos dos froitos, valeiros, ao brazo e na testa, e a moza sostén no colo á crianza. A moza pregunta: “—¿Qué viches na vila?” E a vella respóndelle: “—O señorío de sempre”. É dicir, no campo, o traballo; na vila, o vagar.

E aquil moi divulgado pola súa elocuente sinxeleza, no que un labrego, a contemplar o cartel que anuncia corrida de touros nunha cibdade galega e no que campea o “astado” locido e podente, escrama, doéndose: “—!Lástema de bois!” Non pode darse escea de máis craro e fondo contraste antre o xeito de vida na urbe e no campo.

Mais onde isa antinomia acada termos de viva espresión é na peza en dous lances que en *Cousas* dinos que escribería se fose autor teatral —¡il, que o foi de certo e maxistralmente!—: O lance nunha corte onde hai unha vaca morta arrodeada da xente da casa, que lle fai o pranto; escea pra que rían os do patio de butacas. E o lance nun estrado elegante, da morte dunha cadeliña coma “unha folerpa de neve” ao redor da que choran unha fidalgona e dúas fidalguiñas; escea pra que a xente do galíñeiro se farte de rír a cachón.

Non perdoa Castelao ocasión de facer saír ao bico da pruma ou do lápiz o fruxo do seu xenial inxenio pra cantar, coa voz do

⁷ *Ob. cit.*, páxs. 260 a 264.

seu caletrante humorismo, coma un Frai Luís da prosa e da liña, os méritos e gozos da vida do campo galego; mais tampouco deixa de bater nin un intre na negra pedra dos malfados da Terra.

O *ruralismo* é froito madurecido no árbore do seu pensamento. Tan madurecido, que íl mesmo se revestiu coas prendas do labrego e, conxugando nunha espresiva estampa aqueles complexos sentimentos de gozosa gabanza e de sombriza mágoa pola Terra, dando unha proba definitiva de afervoadade e sinceira homildá, dibuxóuse a sí mesmo cuberto con coroa e portando un paraugas, poñendo ao pé do seu retrato istas verbas de fina ironía: “—Respetable público: Perdoádeme que me presente así; pero como estamos no inverno...”

2. DEFENSA DO IDIOMA

Sendo a lingua, en dito de Unamuno, “un certo modo de concebir, de sentir a vida”, natural é que Castelao coidase con verdadeiro afincamento, non somentes de empregala íl na súa produción literaria e no trato cotián, senón tamén de que o seu uso fose mantido e arrequeitado como expresión enxebre da vida do pobo galego, da maneira de “sentir a vida os galegos”. Disa preocupación ven a dar fe o demorado e persuasivo estudo que da nosa lingua fixo na súa citada obra *Sempre en Galiza*, estudo no que defende a sustantividade histórica e aitual do seu idioma propio, e combate aos que o descoñecen ou subestiman⁸. E amosra tamén esa mesma preocupación cando confesa e sostén que o idioma é un estormento esencial, non somentes para o exercicio da convivencia social, senón tamén para o “conquerimento do Arte galego”:

“O arte —decrara íl— é un, e a literatura como a música e a pintura galega non poden seren máis que xeitos de expresión dunha mesma beleza: a da nosa terra. E sendo eu un dos que traballan polo conquerimento dun arte galego, teño que defender a fala dos nosos abós”⁹.

Nista afervoadade teima reivindicadoira da lingua galega, asemade de empregar a dialéctica de escritor, coma no seu devandito estudo, adoita valer-se da arma incisiva do seu arte. E faino,

⁸ Ob. cit., lib. primeiro, caps. IV, XXIII e XXV.

⁹ Na conferencia citada, *Arte e galeguismo*.

orientando o seu laborío de dibuxante deica ise fin, nunha dobre dirección: dun xeito espreso e nun sentido tácito.

Seguindo a primeira disas direccións, fai falar *do* galego aos seus persoaxes, en dibuxos nos que trasparece o despropósito ou asoma o absurdo. Por exemplo:

Baixo dos soportáis dunha vila, a criada fala cun home da rúa: “—De andar a servir se me esquivó del todo el gallego”. E o home responlle, bulreiro: “—Vaite, vaite”¹⁰.

Un señor de ventre aventaxado, fundido nun sillón, brandindo un cigarro puro, dille a un vello señor: “—Yo nunca sentí la necesidad de saber gallego”. O vello, descargando o seu abraio: “—Es que esa necesidad no se siente en la barriga”¹¹.

* * *

O paisano rico, leontina no chaleque, madeira de cacique, atusando o bigote confésalle a un rexo aldeán: “—Eu quixera falar en galego nos mítins; pero non sei”. E o aldeán retróusalle: “—O que non sabes tí é o castelán”¹².

* * *

Manténdose nisa mesma aitude de defensa espresa da lingua galega, adica á utópica simpreza do “idioma universal” dibuxos dista afiada donosía:

Roda de cabaleiros paseantes. Un diles axiomatiza: “—¡Yo!, yo les aseguro que con el esperanto se arreglaría el mundo”. Outra voz, asinte: “—¡Ni más ni menos!”¹³.

* * *

Nunha trinca de vellos señores arrellanados en sendos sillóns, sentencia un diles sin apelación, por debaixo dos seus finos bigotes: “—Miren ustedes: con el sistema métrico decimal, el turno riguroso de antigüedad y un poco de esperanto... ya no se necesitaba más nada”¹⁴.

* * *

Na segunda das indicadas direccións, de defensa tácita do idioma, fai falar e non falar *en* galego aos respetivos persoaxes

¹⁰ *Cousas da vida, ob. cit.*, III, p. 40.

¹¹ *Cousas da vida, ob. cit.*, III, p. 43.

¹² *Ibid.*, IV, p. 29.

¹³ *Ibid.*, III, p. 46.

¹⁴ *Ibid.*, III, p. 45.

dos seus dibuxos, empregando a fórmula espresiva do contraste. Cando acarea nos seus dibuxos ou nos seus diálogos literarios a labregos con "señoritos" ou a uns labregos con outros que queren ser "señoritos", fai falar aos "señoritos" en castelán. E ao topeñar ise xeito de espresión co ambiente da escea e coa condición dos persoaxes, québrase o sentido da naturalidá e lostrega o ridículo. Veleiquí algúns exemplos en dibuxos que se nos ofrecen coma testemuños disa aitude:

Un mozo apouvigado, acobillado nun sofá, decrara a dous vellos: "—Yo no fuí al servicio porque libré por inútil". E un dos vellos reprícalle: "—Librarías por parvo, porque outra cousa non vexo"¹⁵.

* * *

Un neno farrapento, axionllado no chán, fita abraiado os chafaricos que leva a nena rica. E a nena dille ao picariño: "—A ti no te pusieron nada los Reyes porque tu papá es republicano, ¿sabes?"¹⁶.

* * *

Os persoaxes disa escea trócanse agora en dous cans faladores: unha cadeliña de lás, moi aseñoritada, e un can de aldea. Dí a cadeliña: "—A mí me gustas una barbaridad, ¿sabes?, pero como eres *can de palleiro*..." E o can limitase a rosmar, prosmeiro: "—Vaites, vaites..."¹⁷.

* * *

O ourador político, representado nun loro, diríxese a unha moitedume campesiña: "—Yo os juro bajo mi palabra de honor... (Risas)"¹⁸.

* * *

Dous señores de vila, moi postos, dialogan: "En París hay de todo". "¡Qué va!... ¿Cánto apuestas a que non hai sardiñas con cachelos?"¹⁹.

* * *

¹⁵ *Ibid.*, III, p. 44.

¹⁶ *Ibid.*, I, p. 11.

¹⁷ *Ibid.*, II, p. 11.

¹⁸ *Ibid.*, II, p. 29.

¹⁹ *Ibid.*, III, p. 61.

O alcalde, severo e autoritario, ergueito no salón do concello, rifa a un cativo, sumiso e apouvigado, que ven, sen dúbida, de cometer unha *terribel* trasnada: “—Es usted un sirvengüenza, un miserable, un canalla... ¡Una vergüenza de la sociedad!”²⁰.

* * *

As esceas e o ambiente refrexados en todos ises dibuxos, e noutros máis que ao respeito poderíamos tragar eiquí²¹, chaman de tal forma pola fala galega, que ao contemplalos recibimos a impresión certa de que sin usala os persoaxes non poden entenderse e, sobor de todo, están fora dunha realidade social inviolábel. Ise é, de seguro, o fin derradeiro que o seu autor se propuxo ao crealos, poñendo o seu humorismo ao servizo do idioma da Terra, ao que íl concede un valor cuia medida pode xugarse por iste pensamento seu: “Noso idioma é unha obra de arte... Creouna o xenio inviolábel do noso pobo e labrouna o amor, a door e a ledicia de moitísimas xeneracións. Unha lingua é máis que unha obra de arte; é matriz inagotable de obras de arte”.

3. ATAQUE CONTRA DAS PRAGAS DE GALICIA

Pra nós, na persoalidade e na obra de Castelao sobrancea unha condición que nalgún outro lecer temos calificado: a de *xuez da sociedade galega*; pois que xusgáu, poñendo ao descoberto e *sentenciando* con dureza as sete pragas que de antigo viña padecendo. E non tomou isa postura con gratuidade temática que, de outra banda, sería lícita no artista, senón pra contribuír co seu labor á defensa —veleiquí cómo, asemade de xuez foi abogado da súa terra— do xeito peculiar de vida dos galegos, ao erguemento da súa economía e da súa dinidade social. A confesión disa vontade encérrase nista reflexión que íl se fai: “Certo que a Terra que amamos tanto aínda é un “val de bágoas”; pero nós, os galegos, superaremos a predición relixiosa e trocáremola en Paradiso”²².

De acordo coiste pensamento, aspirando a *botar do Paradiso* aos “anxos rebeldes”, proieita seu arte deica un terreo social,

²⁰ *Ibid.*, I, p. 5.

²¹ Vid., por exemplo, na mesma colección *Cousas da vida* os dibuxos obrantes nos vols. I, p. 5; III, pp. 17 e 27.

²² *Sempre en Galiza, ob. cit.*, p. 46.

servindo a dobre finalidá de sinalar e combater isas sete pragas asoballadoras da nosa Terra: o caciquismo, a inxusticia, a probeza, a usura, a emigración, a ñoranza, o door; labor que, encadrado xa en parte na perspeitiva histórica, conserva aínda eficacia con respecto de aquelas que podan subsistir e de feito subsisten. Doado seríanos tragner eiquí, si a ocasión o permitise, abondosas mostras disa aitude crítica. Ben manifesta está na obra de Castelao, por exemplo, a súa teimosa xenreira contra da emigración, que combatíu poñendo ao descuberto as catro caras dise mostro demográfico que parece ter sete vidas: a marcha do emigrante; a terra abandonada; a estada no país de destino e as laceiras do regreso. E ben manifestos están na súa produción de dibuxante e de escritor os asañosos ataques a todas as demais lacras de Galicia, que parece quixo personificar nos tipos que desfían pola súa narración *Memorias dun esquelete*: o “pataqueiro” con mausoleo de mármore; o “americano” que, farto de engaiolar aos indios do Chaco con adoas de vidro, morréu en recendo de santidade; a “criada de servir” que “fea vivíu, mallada e batida, e agora pode durmir”; o “vampiro que no mundo dos homes fora cacique, e saía da campa polas noites e iba á cibdade pra seguir zugador o sangue das vítimas...”

* * *

Nestora en que se cumpre o vintecinco cabo de ano do pasamento do xenial escritor e dibuxante galego, coidamos que a máis vizosa e máis frorida coroa que podemos adicarlle en honra da súa memoria, é tragner a colación iste aspeito do seu herdo espiritual, que deixamos simplemente apuntado: os seus anceios e traballos pra diagnosticar e sandar os males do corpo social de Galicia. Porque é isa a leición máis eficaz que nos legou e que temos a obriga de seguir, coidando do erguemento espiritual e material da nosa Terra. Porque é ahí onde está a deuda cecáis máis cuantiosa que coa súa persoa e coa súa obra temos contraído os galegos.